

## **Airas Carpancho**

Rubrica

Desej'eu muit'a veer mia senhor;  
e pero sei que, pois d'ant'ela for,  
nom lh'hei a dizer rem  
de com'hoj'eu haveria sabor  
e lh'estaria bem!

Pola veer moir'e pola servir;  
e pero sei que, pois m'ant'ela vir,  
nom lh'hei a dizer rem  
de com'hoj'eu poderia guarir  
e lh'estaria bem!

Se lh'al disser, nom me dirá de nom;  
mais da gram coita do meu coração  
nom lh'hei a dizer rem  
que lh'eu diria, em bõa razom,  
e lh'estaria bem!

Pero hei gram sabor de lhe falar,  
quando a vejo, por lhe nom pesar,  
nom lh'hei a dizer rem  
de com'eu poderia led'andar  
e lh'estaria bem!

[cantigas-stag.square-bit.com](http://cantigas-stag.square-bit.com)

© 28/06/2026